



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Ambientación sonora e musical	Código	616G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Navarro Álvarez, Adriana	Correo electrónico	a.navarro@udc.es	
Profesorado	Navarro Álvarez, Adriana Piñeiro Otero, Maria Teresa	Correo electrónico	a.navarro@udc.es teresa.pineiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.</p> <p>Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán cambios <p>2. Metodoloxías</p> <ul style="list-style-type: none"> *Metodoloxías docentes que se manteñen -Todas *Metodoloxías docentes que se modifican <p>A presentación oral podería facerse gravada en diferido sempre que, por causas xustificadas, o alumnado tivese dificultades para a conexión e defensa do proxecto final coa solvencia requerida.</p> <p>Neste caso apostaríase por un repositorio de presentacións gravadas para que o alumnado poida efectuar a avaliación dos proxectos dos seus compañeiros segundo rúbrica.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando e os exercicios planteados nas clases expositivas. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias e, de ser o caso, ?foros de actividade específica?.</p> <p>Teams: unha sesión semanal de toda a clase, para o desenvolvemento de contidos teóricos, e outra sesión para grupos medianos na franxa horaria sinalada a materia no horario. Asemade no horario oficial de titorías haberá a posibilidade de establecer interaccións individuais e grupais nesta plataforma para o seguimento e apoio dos traballos tutelados.</p> <p>Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as mesmas previstas na guía docente</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A única modificación na avaliación estaría vinculada á presentación oral do proxecto final, en tanto a súa ?virtualización? faría precisa a atención a algún aspecto non tido en conta de ser presencial. En calquera caso, os criterios de valoración sinalaranse no momento de presentación da actividade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. No caso daquelas obras que non teñan versión dixital aportaranse aqueles fragmentos precisos para a comprensión da materia a través do campus virtual.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A1	B2	C3
Comunicar mensaxes audiovisuais	A2		C4
	A3		
	A7		
	A8		
	A12		



Crear produtos sonoros	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12	B8	C1
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1 A4 A11	B6 B7	
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A11	B3 B4 B5 B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A11 A12	B8	C2
Mellorar a expresión oral.		B6 B7	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2 A3 A8		C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O son na narración audiovisual.	I. Introducción ao son audiovisual 1.1. Introducción 1.2. A ilusión do son audiovisual II. Escenario acústico 1.3. Paisaxe sonora 1.4. Espazo sonoro III. O son na industria audiovisual 1.5. O son no cine. Orixes e primeiros hitos 1.6. Os profesionais do son no audiovisual
2. A dimensión sonora nas combinacións audiovisuais	2.1. A audiovisión 2.2. O sistema de sons 2.3. Focalización e procesado dos sons 2.4. As combinacións audiovisuais 2.5. Clasificación de sons no relato audiovisual



3. A música	<p>3.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais</p> <p>3.2. Breve aproximación histórica á música no cine</p> <p>3.3. A música audiovisual</p> <p>3.4. Componentes estruturais e expresivos</p> <p>3.5. Tipoloxías de música</p> <p>3.6. Valor engadido pola música</p> <p>3.7. Funcións da música audiovisual</p>
4. Os efectos de son	<p>4.1. Ruídos e espazo audible. A construción artificial da realidade</p> <p>4.2. Tipoloxía de efectos de son</p> <p>4.3. Cuestións de montaxe, edición e mezcla</p> <p>4.4. Funcións</p>
5. A voz	<p>5.1. Introducción</p> <p>5.2. Vococentrismo e verbocentrismo</p> <p>5.3. Tipoloxías de voz</p> <p>5.4. O acusmaseo</p> <p>5.5. A doblaxe</p>
6. O silencio.	<p>6.1. O silencio dentro do continuum sonoro</p> <p>6.2. Tipoloxías de silencio</p> <p>6.3. Funcións</p> <p>6.4. Silencio e kinésica</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	24	24	48
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	4	12	16
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	6	18	24
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	2	4	6
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	24	24	48
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	<p>Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico cuxo obxecto é pór en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas.</p> <p>A entrega de ditas prácticas efectuarase no tempo e na forma fixados pola profesora.</p> <p>(Presencial, con posibilidade de virtualizar un dos grupos de ser preciso por necesidades do alumnado, ou por limitacións de espazos e recursos)</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Investigación realizada de forma individual cuxo tema, relacionado cos contidos da materia, será proposto pola profesora.</p> <p>Dita investigación entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) .</p> <p>A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.</p> <p>(Presencial e traballo autónomo do alumnado)</p>



Traballos tutelados	Creación dun relato (grupo) únicamente a partir de recursos sonoros (Traballo A) Deseño sonoro en grupo dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final) (Presencial e traballo autónomo do alumnado)
Presentación oral	Presentación do deseño sonoro dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final). Na presentación explicarase o emprego do son -ou a ausencia deste- ademáis de responder a preguntas respecto ás decisións tomadas no plano estético. Complementariamente os estudantes desenvolverán una rúbrica de avaliación do seu proxecto así como do desenvolvido por outros grupos. (Presencial e traballo autónomo do alumnado. Esta actividade podería virtualizarse por necesidades do alumnado ou de limitacións de espazo).
Sesión maxistral	Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Complementarase con materiais e contidos audiovisuais, en formato píxula, que se porán a disposición do estudantado a través do campus virtual. Nas sesións maxistrais realizaranse actividades dirixidas a facilitar a comprensión da materia así como discusións dirixidas, que esixan ao estudantado amosar a adquisición de conceptos e coñecementos sobre a materia. Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregaranse fórmulas de seguemento para determinar o grao de cumprimento da tarefa. Nestes casos as sesións maxistrais poderanse destinar á posta en común das tarefas ou a súa corrección colaborativa. (Virtual)

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Sesión maxistral Investigación (Proxecto de investigación) Obradoiro Traballos tutelados	O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas. No caso do proxecto de investigación e dos traballos tutelados que detentan unha maior carga de traballo autónomo, o seguimento destas actividades efectuarase nas clases prácticas sinaladas para tal fin, así como en titorías personalizadas a demanda do/a estudante o do seu equipo de traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	Presentación oral do "Proxecto final". Nesta presentación cada grupo deberá explicar o seu deseño sonoro, especialmente no que respecta ás decisións narrativas e estéticas, e responder ás preguntas dos/as compañeiros/as. Cada un dos proxectos finais será avaliado polos estudantes a partir dunha rúbrica de avaliación proposta pola profesora. Para a avaliación da presentación oral débense cumprir os seguintes requerimentos: (1) asistir e participar na presentación (propia e na dos restantes grupos), (2) entregar a rúbrica de avaliación cumprimentada e (3) ter entregado o "Proxecto final" (traballo tutelado B) en tempo e forma.	10



Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	No marco das sesións maxistrais, ou relacionadas con éstas, desenvolveranse actividades e exercicios prácticos, así como discusións dirixidas, orientados á consolidación dos contidos teóricos. Estas actividades teñen un valor global de 2,5 puntos (variando en función do número e a calidade dos exercicios entregados). Só se admitirán aqueles exercicios prácticos entregados en tempo e forma. Aquelas entregas que non cumpran eses requerimentos quedarán anuladas cunha valoración de 0 puntos.	25
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	O traballo de análise-investigación, sobre un tema proposto pola profesora, será realizado de forma individual e entregado en formato audio (vía Moodle). Ten unha valoración máxima de 2 puntos. No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de 0 puntos. Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos quedarán anulados cunha valoración de 0 puntos.	20
Obradoiro	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	As prácticas grupais teñen unha valoración total de 1 punto (variando en función do número de prácticas entregadas e calidade das mesmas). Só se admitirán prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requerimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos. Para o cómputo das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter desenvolvido o 80% das prácticas da materia (grupo mediano).	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	De realización grupal. Conta cunha valoración máxima de 3,5 puntos (1 +2,5) distribuídos da seguinte maneira: · até 1 punto pola construción dun relato exclusivamente con sons (traballo A) · até 2,5 puntos polo deseño sonoro e dobraxe dun fragmento audiovisual proposto pola profesora (traballo B ou "Proxecto final"). Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as. Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos obterán una valoración de 0 puntos.	35

Observacións avaliación



Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XUÑO (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos e prácticas da materia. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte, ou na súa totalidade, será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XULLO o/a estudante deberá:

Entregar de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta pola docente, co correspondente dossier [segundo as normas do "Proxecto final", traballo tutelado B]. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar na data oficial de exame, no formato sinalado pola profesora (tanto a peza audiovisual co son íntegro, e o dossier). Aprobar o exame (50% puntos) na data oficial. Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro "Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual." Barcelona: UOC. Este exame constituirá o 30% da nota final. En calquera caso, para

superar a materia débese aprobar o exame (5 puntos ou 1,5 ponderado)

e obter, como mínimo, unha puntuación de 5 na nota final. Asemade aqueles/as estudantes que na avaliación continua (xuño) queden por debaixo do umbral do 5 (o 50% da puntuación global), deberán presentarse de toda a materia -teoría e práctica- na convocatoria de xullo, seguindo as indicacións e requerimentos desta convocatoria.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós
- Piñeiro Otero, Teresa (2019). Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual. Barcelona:UOC
- Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid: Instituto Oficial de Radio y Televisión
- Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós
- Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Barcelona: Universitat de Barcelona
- Torelló, J. (2015). La música en las Maneras de Representación cinematográfica. Barcelona: Laboratori de Mitjans Interactius.

Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.

Bibliografía complementaria

- Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación
- Guijarro, T. y Muela, C. (2003). La música, la voz, los efectos y el silencio en la publicidad : la creatividad en la producción de sonido. Madrid: CIE
- Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós
- Chion, Michel (2004). La voz en el cine. Madrid: Cátedra
- Jullier, Laurent (2006). El sonido en el cine. Barcelona: Paidós
- Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press
- Ávila, Alejandro (1997). El doblaje. Madrid: Cátedra

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Audio/616G01016

Teoría e práctica da edición e a montaxe/616G01023

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías